

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE MAIO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:30 horas do día vinte e seis de maio de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/04/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 28/04/2016.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA CONTRATACIÓN DE ANIMADORES CULTURALS, DURANTE O ANO 2015.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1020 en data 25/05/2016, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 31/10/2014 (Animadora sociocultural).

O importe que se vai aboar é de 3.603,46 €uros (o resto do 50% da subvención concedida).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLO QUE SE APROBA A CONTA XUSTIFICATIVA INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DE MEDIO AMBIENTE EXERCICIO 2015.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1028 en data 26/05/2016, na que se aproba a conta xustificativa presentada para os efectos de cobro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP de 31/10/2014 (Mellora de zonas verdes municipais e subministro de contenedores).

O importe que se vai aboar é de 6.765,41 Euros (o resto do 60% da subvención concedida).

Economía: 4,05 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1029 en data 26/05/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publicada no BOP nº 84 do 04/05/2016, correspondente ao exercicio 2016 mantemento do servizo de normalización lingüística (Boimorto, Sobrado e Arzúa) por importe de 6.000,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA AS PERSOAS MAIORES DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 984 en data 20/05/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publicada no BOP nº 82 do 02/05/2016, correspondente ao exercicio 2016 para Servizos Sociais - Termalismo social - Envellecemento activo por importe de 1.500,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO-DEPORTIVO, DURANTE O ANO 2016

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 975 en data 19/05/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publicada no BOP do 03/05/2016, correspondente ao exercicio 2016 para animador deportivo por importe de 4.500,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- CERTIFICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ E TRANSFERIRÁ A ESTE CONCELLO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA), CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2016

Pola secretaria dáse conta do certificado remitido pola xefa territorial da Consellería de Política Social, rexistro de entrada neste concello co nº 856 en data 03/05/2016, da cantidade que se liquidará e transferirá polo primeiro trimestre do ano a este Concello que corresponde en función das horas de atención efectivamente prestadas no servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, segundo o seguinte desglose:

Mes de Xaneiro: 8.078,55 €
Mes de Febreiro: 8.083,79 €
Mes de Marzo: 7.920,54 €
Total nómina neta 1º trimestre: 24.082,88 €
Total devengado: 24.082,88 €
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITO DO CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL INFORMANDO QUE ESTE CONCELLO A PARTIR DO MES DE XUÑO CONTARÁ CUN REFORZO NO NÚMERO DE HORAS ASIGNADAS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado do conselleiro de Política Social, rexistro de entrada neste concello co nº 946 en data 16/05/2016, no que informa de que a partir do vindeiro mes de xuño, este concello contará cun reforzo no número de horas asignadas por un total de 840 horas/ano para a atención á dependencia.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE AGADER EN RELACION CO PROCEDEMENTO PLAN MARCO: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS 2016, COFINANCIADO CON FEADER AO ABEIRO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado do secretario xeral de Agader, rexistro de entrada neste concello co nº 1024 en data 25/05/2016, no que se notifica a resolución de concesión de axuda ao abeiro do Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016 de acordo coas seguintes condicións:

1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é a seguinte:

Partida	Orz. Present. (S/IVE)	Orz. Present. (C/IVE)	Orzamento Aceptado	Observacións
Obra Civil	72.456,94 €	87.672,90 €	71.879,99 €	Reducción na actuación Camiño de Barrio por non axustarse a unidade de obra de refirno ás tarifas SEAGA

2. O importe da subvención é de 71.879,99 Euros.

3.- O prazo límite para a execución do investimento e para a xustificación dos gastos será o 30 de setembro de 2016

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA AUTORIZANDO A CONTRATACIÓN ANTICIPADA DE SOCORRISTA

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, rexistro de entrada neste concello co nº. 1013 en data 25/05/2016, no que se autoriza, por razóns de urxencia na posta en marcha do servizo, a contratación anticipada 1 traballador/a da ocupación profesional “socorrista” por un período de 2 meses.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.10.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DENOMINADO MELLORAS

NO AFORRO ENERXÉTICO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da dirección xeral de Administración Local, rexistro de entrada neste concello co nº. 883 en data 05/05/2016, no que se notifica a resolución de concesión de subvención por importe de 33.056,93 €uros para o proxecto denominado Melloras no aforro enerxético do alumeado público do concello de Boimorto, ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 247, do 29 de decembro).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DA XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN COA MEMORIA DE VALORACIÓN ENVIADA A FEGAMP DE VALORACIÓN DOS DANOS CAUSADOS EN BENS MUNICIPAIS PÚBLICOS POLOS TEMPORAIS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xunta de Galicia e asinado polo Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, AAPP e Xustiza e a Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, rexistro de entrada neste concello en data 06/05/2016, acompañada da comunicación remitida dende a Xunta de Galicia á Fegamp, dado que este Concello estaría incluído na relación de municipios susceptibles de recibir axudas para a reparación de danos en bens de titularidade municipal, sempre e cando as restantes administracións, incluídas as deputacións provinciais, decidiran implicarse.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN GALEGA DE AMBULANTES E AUTÓNOMOS. REXISTRO DE ASOCIACIÓNS REDONDELA, Nº 250 EN RELACIÓN COA VENDA AMBULANTE

Pola secretaria dáse conta da documentación presentada no rexistro do edificio administrativo de Pontevedra da Xunta de Galicia pola Asociación Galega de Ambulantes e Autónomos, rexistro de entrada neste concello co nº. 909 en data 11/05/2016, no que se solicita que no próximo mercado que se celebre nesta localidade, se comprabe se os postos contan coa autorización municipal de venda ambulante e en caso contrario se tramite as denuncias pertinentes en cumprimento da Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.1.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 5-06-2016

Neste intre, auséntase da sala de reunións da Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal por ter relación con este asunto.

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E en calidade de presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, e con domicilio en Lugar Queis - Azanca nº 24, Santa Cruz de Montaos, Ordes, na que solicita autorización para a utilización da

casa de cultura o día 05/06/2016 de 10.30 a 13.00 h da mañá para a celebración dunha reunión de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar ao presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, D. José Balado Casal, ó uso do salón de actos da casa de cultura para o día 05/06/2016 de 10.30 a 13.00 h da mañá.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer contra mesmo.

De seguido, incorpórase a Xunta de Goberno Local, o concelleiro D. José Balado Casal.

3.2.- AUTORIZACIÓN

3.2.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE CHURRASCADA NA PRAZA DA IGREXA DE DORMEÁ

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello co número 899 en data 04/08/2016, por D. José Antonio López Gómez con DNI 76503454A, en calidade de secretario da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá para celebración dunha churrascada o día 6 de agosto de 2016 no lugar de Iglesia na parroquia de Dormeá con motivo do 14º “Memorial Rápido de Dormeá” así como a disponibilidad de material propiedade do Concello de dous contenedores para o lixo, tres vallas metálicas e dúas sinais de “dirección prohibida”.

En aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado 1372/1986 do 13 de xullo e de conformidade co disposto no artigo 37.1 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a D. José Antonio López Gómez para celebración dunha churrascada o día 6 de agosto de 2016 na Praza da Igrexa no lugar de Iglesia parroquia de Dormeá, debendo de responsabilizarse do bo uso e limpeza das instalacións, sen privar do uso da mesma aos demais o día 6 de agosto de 2016, así como a disponibilidad do material solicitado, condicionando a autorización a:

1º.- Comprometerse a cumprir as condicións de seguridade e prevención determinadas por este Concello á hora de realizar o lume para a churrascada que se adxunta como anexo á notificación.

2º.- Os autorizados, ao rematar a churrascada, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da churrascada.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos e ao servizo de defensa contra incendios forestais para o seu coñecemento.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA URBANA SITUADA EN “CHOUA DO REI” LUGAR OS ASIENTOS. LICENZA URBANÍSTICA (LO 2/2016)

Vista a solicitude presentada (con entrada en data 11/05/2016, nº 916) por D. Manuel Roberto Veiga Guerra, acompañada de proxecto de segregación de parcela para segregar a finca urbana “Chousa do rei” con referencia catastral 1219102NH7611N0001IS redactado polo arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerro, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia o 04/05/2016 co nº 1600919.3

A parcela está cualificada no PXOM como solo urbano, coa ordenanza de edificación extensiva, conta cunha superficie bruta segundo recente medición de 1.008,46 m2 e nesta finca existen edificacións e construcións cunha superficie total de 476,94 m2 e preténdese a segregación en dúas parcelas.

Visto o informe favorable ao outorgamento da licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 23/05/2016 e fundamentado o informe no artigo 11 e 100 do PXOM de Boimorto e no artigo 150 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Visto o informe de secretaría que consta no expediente de data 26/05/2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación a D. Manuel Roberto Veiga Guerra para segregar a finca urbana “Chousa do río” con referencia catastral 1219102NH7611N0001IS, cunha superficie inicial de 1.008,46 m2 en:

Finca 4189-1		
Clasificación do solo	Solo urbano, edificación extensiva	
Condições	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	300 m2	564,12 m2
Fronte mínimo a vía pública	8 m	22,17 m
Ocupación máxima	60%	31,5%
Observacións: Nesta parcela existe unha edificación destinada a vivenda cun garaxe anexo, cunha superficie construída de 332,44 m2,		

Finca 4189-2		
Clasificación do solo	Solo urbano, edificación extensiva	
Condições	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	300 m2	422,90 m2
Fronte mínimo a vía pública	8 m	23,34 m
Edificabilidade máxima	1,0 m2 / m2	0,32 m2 / m2
Ocupación máxima	60%	31,9%
Observacións: Nesta parcela existe unha edificación destinada a panadería cun almacén anexo, cunha superficie construída de 134,92 m2		

Ademais cédesse ao concello o terreo necesario para á regularización das aliñacións contempladas no PXOM.

Cesión Concello Boimorto
Cédesse ao concello de Boimorto unha parcela de 21,44 m2 para a regularización das aliñacións establecidas no PXOM na rúa Rego do Pazo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Conforme ao proxecto presentado cédesse ao concello o terreo necesario para a regularización das aliñacións establecidas no PXOM, a cesión terá que formalizarse en escritura pública acompañada de plano ou documento gráfico onde se expese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme ás aliñacións establecidas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 3/2016) PARA CONSTRUCCION DE ALMACÉN ABERTO PARA PRODUTOS AGROPECUARIOS NO LUGAR DE FREIXIDO, PARROQUIA DE CARDEIRO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARÍA LUISA LÓPEZ GARCÍA.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de Dna. María Luisa López García con DNI nº 78794695F, e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Freixido núm. 20, parroquia de Cardeiro, 15818 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 631 en data 30/03/2016, para realizar as obras de construción de almacén aberto para produtos agropecuarios no lugar de Freixido, parroquia de Cardeiro, na parcela número 90 do polígono catastral 501 (Referencia catastral: 15010A501000900001KI) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Luís Fernández Rodríguez, colexiado número 276, visado polo colexio oficial de enxeñeiros/as técnicos/as agrícolas (Lugo) co nº 321 de data 28 de marzo de 2016; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo, atopándose as obras proxectadas nesta segunda cualificación.

Con data 20/04/2016 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 09/05/2016 rexistro de entrada número 895 preséntase “Modificado a proxecto técnico de almacén aberto produtos agropecuarios” redactado polo mesmo técnico.

Non consta nomeamento de dirección de obra nin oficio de dirección de execución de obra.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 11/05/2016 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de 25/05/2016.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dna. María Luisa López García con DNI nº 78794695F (LO 3/2016), para executar as obras de construción de almacén aberto para produtos agropecuarios no lugar de Freixido, parroquia de Cardeiro (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras a realizar consisten en:

.- Construción de almacén de planta rectangular de dimensións 18,75 x 16,00 metros e unha superficie construída de 300 m², cunha altura máxima, no seu punto mais desfavorable de 6,55 m². A cimentación será a base de zapatas centradas unidas por vigas de atado. A estrutura será metálica con cuberta a dúas augas de chapa nervada lacada **cor vermella**. Os cerramentos laterais a excepción da fachada principal que quedará aberta, disporán dunha base de bloque de formigón revestido con morteiro monocapa, mentres que a súa parte alta será de chapa nervada en cor crema. Sobre o chan disporase unha soleira de formigón.

.- As obras non poderán iniciarse ata que presente:

.- Nomeamento de dirección de obra e oficio de dirección de execución de obra.

.- Elevación a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 136,80 m2 (5 metros desde o eixo da vía, ao tratarse dunha vía de tipo II) tal como consta no plano nº 2 do modificado ao proxecto.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

TERCEIRO.- Informarlle á interesada que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa polo que deberá tramitala segundo o modelo CP-001 da Ordenanza municipal reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada o BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 3/16

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: **50.544,00 €uros.**

Liquidación 2%: **1.010,88 €uros**

QUINTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN PEDRO DE BRATES, MERCURÍN E OUTRAS INCLUÍDA NO POS 2016. (EXPEDIENTE COPNSP 1/2016)

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/04/2016, acordou iniciar o expediente de contratación da obra incluída no POS 2016 denominada “Mellora de camiños nas parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín e outras” e declarar de aplicación os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares da Deputación Provincial para obras relacionadas con plans provinciais.

Visto que con data 24/05/2016 emiteuse informe de intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e a existencia de crédito con cargo ao capítulo 6 do orzamento municipal para o 2016 partida: 1532.61900

Visto que con data 24/05/2016 emiteuse informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que en data 24/05/2016 redactaronse e incorporaronse ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 110 e na Disposición Adicional Segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado, para execución do proxecto “Mellora de camiños nas parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín e outras” redactado por D. Ángel Delgado Cid, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar, en cuantía de 49.478,53 €tros IVE incluído o gasto que para este Concello representa a contratación das obras de “Mellora de camiños nas parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín e outras”, por procedemento negociado con cargo á partida 1532.POS16 2.61900 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2016.

CUARTO.- Publicar no perfil do contratante anuncio de licitación para que durante o prazo de oito días naturais os interesados poidan presentar as solicitudes de participación.

QUINTO.- Publicar a composición do órgano de negociación no perfil de contratante nomeada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/04/2016 que será a encargada de avaliar as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación e negociación recollidos no anexo 5.1 e 5.2, previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

4.2.2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE BOIORTO, ARCEO E RODIEIROS INCLUÍDA NO POS 2016. (EXPEDIENTE COPNSP 2/2016)

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/04/2016, acordou iniciar o expediente de contratación da obra incluída no POS 2016 denominada “Mellora de camiños nas parroquias de Boimorto, Arceo e Rodieiros” e declarar de aplicación os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares da Deputación Provincial para obras relacionadas con plans provinciais.

Visto que con data 24/05/2016 emiteuse informe de intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e a existencia de crédito con cargo á partida do capítulo 6 do orzamento municipal para o 2016 partida: 1532.61900

Visto que con data 24/05/2016 emiteuse informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que en data 24/05/2016 redactaronse e incorporaronse ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 110 e na Disposición Adicional Segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado, para execución do proxecto “Mellora de camiños nas parroquias de Boimorto, Arceo e Rodieiros” redactado por D. Ángel Delgado Cid, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar, en cuantía de 48.450,84 €uros IVE incluído o gasto que para este Concello representa a contratación das obras de “Mellora de camiños nas parroquias de Boimorto, Arceo e Rodieiros”, por procedemento negociado con cargo á partida 1532.POS16 1.61900 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2016.

CUARTO.- Publicar no perfil do contratante anuncio de licitación para que durante o prazo de oito días naturais os interesados poidan presentar as solicitudes de participación.

QUINTO.- Publicar a composición do órgano de negociación no perfil de contratante nomeada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/04/2016 que será a encargada de avaliar as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación e negociación recollidos no anexo 5.1 e 5.2, previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

4.2.3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO: CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DE XARDÍNS, ZONAS VERDES E

OUTRAS ZONAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO. **(EXPEDIENTE CSPNSP 1/2016)**

Visto o expediente de contratación do servizo de “Conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais do Concello de Boimorto”, tendo dito contrato un orzamento anual de 19.834,71 sen IVE (24.000,00 €uros con IVE), dúas anualidades 48.000,00 €uros con IVE.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 25/05/2016 iniciando o expediente de contratación do servizo referido.

Visto o informe de intervención de data 25/05/2016 sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto o informe de secretaría de data 25/05/2016 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que haberán de rexer a contratación por procedemento negociado no marco do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Considerando a necesidade deste contrato, segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do TRLCSP RDLex 3/2011, con fundamento de manter e conservar en bo estado os xardíns e zonas verdes municipais.

Considerando aplicable a tramitación urxente desta contratación en aplicación do artigo 112 do TRLCSP RDLex 3/2011 motivada a que finaliza o contrato de servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas municipais do Concello de Boimorto coa empresa Coregal Parques e Xardíns, S.L o día 20 de xuño de 2016.

En aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais, cun importe de execución por contrata de 24.000 euros anuais, IVE incluído, mediante procedemento negociado, convocando a súa licitación e declarar a contratación urxente ante as necesidade de cobertura deste servizo a partir da data de finalización do contrato coa empresa que está prestando actualmente o servizo.

